

CONSELLO TERRITORIAL DE SAN MATEO

Data: 13 de novembro de 2023

Lugar: Local Social de San Mateo

Hora de comezo: 18:00 h

Hora de remate: 19:45 h

CONVOCATORIA E ASISTENCIA

Están convocadas, ademais das persoas designadas por cada grupo municipal para este barrio, as entidades asociativas rexistradas na zona.

Asisten ao Consello Territorial as seguintes persoas do tecido asociativo e dos diferentes grupos políticos da Corporación:

- Olga Ameneiro López (Concelleira de Participación) Presidenta do Consello Territorial
- Manuel Antonio Ramos Rodríguez (Concelleiro de Servizos, Medio ambiente e Sanidade)
- Olaia Margarita Ledo Díaz (Bloque Nacionalista Galego)
- Silvia de Arriba Fernández (Partido dos Socialistas de Galicia)
- Ana Vanesa Bouzamayor Villasuso (Partido Popular)
- Miguel A. Santalla Manso (AVV San Mateo)
- Laura Fernández (AVV San Mateo)
- Raquel Fernández Manso (AVV San Mateo)
- María José Porto Vila (AVV San Mateo)
- José Manuel López Blanco (AVV San Mateo)

Veciñanza asistente:

- Ramiro Pérez (veciño de San Mateo)
- Manuel Piñón (veciño de San Mateo)

Xunto con Eva Paola Bermúdez Porras en calidade de equipo técnico da Escola de Participación Cidadá e Secretaría Técnica do Consello Territorial.

Benvida e apertura

Olga Ameneiro dá a benvida a todas as persoas participantes e explica o sentido dos Consellos territoriais e o dereito de intervención segundo o Regulamento de Participación Cidadá, que pode ser consultado [neste enlace](#).

Preséntase a axenda e o sentido da sesión.

ORDE DO DÍA

1.Revisión das necesidades/propostas compartidas nos últimos Consellos Territoriais. Deixamos un espazo ás persoas asistentes para que seleccionen as tres cuestións

prioritarias para a veciñanza de Doso, para poder falar delas con máis calidade. A continuación, abrimos outro espazo para seguir compartindo as necesidades.

2. Compártense, por medio dunha rolda, **novas necesidades/propostas**, ás que na medida do posible se responde no propio Consello Territorial, incorporando aquelas que precisen de estudo ou revisión á folia de seguimento.

3. Resposta por parte do Goberno local, así como recollida de intervencións por parte do resto de Concelleiras/os da Corporación.

DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Comezamos a sesión dedicando o primeiro espazo a que as persoas asistentes revisen o listado de temas de anteriores Consellos territoriais para poder seleccionar os que teñen maior prioridade. Durante esta sesión intercaláronse temas pendentes e novos temas que separaremos nesta acta:

Actualización do estado das cuestións recollidas en anteriores CT:

- Seguridade viaria:
 - Varandas: Sínálase a necesidade de mudar as varandas que están diante de Casa Nieves e as que se atopan a 100 metros desas (en dirección Ferrol). Engádese ademais que a porta da Escola Unitaria está rota e non pecha. Servizos toma nota destas cuestións para que sexan revisadas e arranxadas.
- Estrada de Valdoviño: A estrada de Valdoviño precisa distintas intervencións.
 - Focha no aparcamento da Xamonería Romero. Dende o Concello darase aviso á Policía Local para que realice un informe e dar traslado á Xunta de Galicia, que ten a competencia da estrada.
 - Beirarrúas: Destácase a zona en concreto da rotonda da Cooperativa, na que hai un anaco de beirarrúa excesivamente alto que impide o paso seguro e menos que sexa un lugar accesible. Tamén se destaca a continuación cara o local social, onde se informa de que hai un tramo onde é moi incómodo camiñar pola beira debido ao *quitamedos*, o que provoca que a xente teña que camiñar pola estrada. Pídese buscar alternativas para ese tramo, moi transitado pola veciñanza de San Mateo. Dende o Concello informan de que poden solicitar que se realice unha valoración técnica para ver que se podería facer e cal sería o orzamento, que non saben canto pode tardar isto nin se será viable a intervención pero que manterán informada a asociación veciñal.
 - Olaia Ledo, en representación do BNG informa de que é unha zona conflitiva e que podería facerse unha valoración conxunta da zona co total das intervencións que precisa. Dende o Concello sinalan a dificultade desta zona por ter distintas competencias, mais recóllese a

proposta.

- Local social: A obra do local social está rematada, mais a veciñanza destaca unha serie de necesidades que mantén o local despois das obras:
 - Humidades: Dende a asociación destacan o nivel de humidade do local social e os problemas que derivan desta característica.
 - Tarima: Debido ás humidades, hai zonas da tarima que están levantadas e que supoñen un problema de inseguridade.
 - Zócolo despegado: Informan de que o zócolo, nas zonas de curva, se despega.
 - Peches dos aseos: Informan dos problemas que teñen coa pechadura dos aseos, que en ocasións queda atrancada, deixando encerrada a persoa que estea dentro. Esta información está en coñecemento do Concello e Olga Ameneiro sinala que a información que ten é que o carpinteiro pasará mañá polo local para arranxar o peche. Infórmase de que cada aseo ten dúas portas: a porta de acceso ao lavabo e a segunda porta de acceso ao váter. A solución a curto prazo é colocar o peche en cada porta de acceso ao baño, de modo que o baño de homes ou o de mulleres pode pechar e a persoa dentro ten o espazo do lavabo e o do váter para si mesma. Dende o Servizo revisárase como solucionar esta cuestión, para que cada aseo teña dúas portas útiles e, por tanto, dous espazos a empregar simultaneamente. En caso de que non se atope esta solución, a veciñanza solicita que a medio/longo prazo se valore o cambio de porta.
- Abastecemento auga na zona do Vilar e a Caliqueira: Un veciño da Caliqueira pide información sobre o estado da cuestión, e informa de que a falta de presión na Caliqueira afecta a, aproximadamente, 20 casas. Dende o Concello toman nota para revisar o estado e dar traslado á veciñanza.
- Cartografía: A asociación veciñal informa da súa vontade de realizar unha cartografía para recompilar a microtoponimia do territorio. Informa de que hai unha plataforma dixital colaborativa da Xunta chamada Galicia nomeada de microtoponimia, e que a asociación veciñal quere recompilar esta información entrevistando directamente as veciñas e veciños máis antigos da parroquia.

Outros temas e necesidades abordadas no Consello territorial:

- Estrada *do Pádel*: sinálanse unha cunetas perigosas a revisar. O Concello toma nota.
- Solicitud dunha Senda Peonil dende a zona do Depósito ata a rotonda da Cooperativa: A asociación solicita que se valore esta posibilidade debido á cantidade de persoas que transitan toda esa zona. Ofrécese tamén a colaborar preguntando á veciñanza se cedería do seu terreo para esta finalidade. O

Concello terá en conta esta solicitude, e incluso menciona o interesante que sería realizar un Plan de Sendas, mais é algo a valorar e difícil de executar.

- Problema cheiro derivado do bombeo no Camiño Murallas: A veciñanza informa do olor que se produce no verán e o impacto que ten. Dende o Concello sinalan que, cando teñan este problema (habitual en momentos de calor) que informen ao Concello para que dea aviso a COSMA.
- Contacto co Concello: A veciñanza sinala a dificultade que ten para obter información e comunicarse con diversos servizos do Concello, en especial coa central (a cal precisan xa que moitas veces non teñen claridade sobre con quen deben contactar). Infórmase da carga de traballo de diversos departamentos, que a maioría das veces cando non responden é porque están atendendo presencialmente a alguén. Proponse que nestes casos, ao falar cun departamento concreto, se empregue nos casos que sexa posible o correo (para que as persoas técnicas teñan presente devolver a chamada) e queda pendente pensar como isto pode ser máis efectivo e accesible para todas as persoas.
- Dixitalización: Dende a asociación informan de que para facer as solicitudes de actividades e demais trámites, moitas persoas maiores precisan o apoio dunha persoa que cubra e leve a documentación. Queda esta reflexión para repensar xeitos máis accesibles para as persoas, en concreto para as persoas maiores do rural (con menos facilidade de achegarse ao Concello e sen as ferramentas dixitais).

PECHE

Péchase a sesión con Olga Ameneiro agradecendo a asistencia e participación das concelleiras e veciños, afirmando a súa vontade de traballar polas necesidades da veciñanza.

En San Mateo, a 13 de novembro de 2023.

A Secretaría